

## PRESENTACIÓN MATERIA

<b>MATERIA</b>	<b>OBRADOIRO DE MÚSICA</b>	<b>CURSO</b>	<b>1º ESO</b>
<b>CURSO ACADÉMICO</b>	<b>2020-21</b>	<b>PROFESOR</b>	<b>DANIEL_COSTA_FERREIRO</b>

## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1 A figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios.	OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas.
B1.2 A altura das notas	OMB1.1.2 Diferenza en tornos melódicos maiores e menores.
B1.3 O compás binario, ternario e cuaternario	OMB1.1.3 Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
B1.4 Utilización de grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.	
B1.5 Coñecemento básico do aparello fonador. Aplicación práctica.	OMB1.2.1 Mantén unha correcta postura e respiración ao entoar.
B1.6 Iniciación ao canto: respiración diafragmática. Postura correcta para o canto, a emisión e a proxección vocal. Exercicios e quecemento vocal progresivo.	OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz.
B1.7 O corpo como medio de expresión musical: características xenéricas e formais.	OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
B1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da voz e da percusión corporal.	OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
B1.9 A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica	OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico.
B1.10 Improvisación de pequenas estruturas polifónicas utilizando un ostinato e a escala pentatónica.	OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns
B1.11 As posibilidades expresivas do noso corpo. Elementos básicos da expresión corporal.	OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

B1.12 Utilización da escoita de pequenas melodías para realizar coreografías individuais.	OMB1.4.3 Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
B1.13 Ergonomía. Elementos para unha correcta colocación postural á hora de interpretar calquera instrumento ou de traballar a nosa voz.	OMB1.5.1 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar coreografías.
B1.14 Técnica básica na pequena percusión.	OMB1.5.2 Segue o pulso ao moverse en coreografías.
B1.15 A forma musical: famas binarias e ternarias.	OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos.
B1.16 Elementos básicos dos fundamentos da composición: a repetición, a imitación e a variación	OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos.
B1.17 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.	OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións.
B1.18 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. Atención ao silencio como elemento básico do feito musical.	OMB1.6.4 Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación axeitadas ao nivel.
B1.19 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais.
B1.20 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	OMB1.8.1 Amosa interese polo coñecemento e polo coidado da voz, do corpo e dos instrumentos.
B1.21 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.	OMB1.8.2 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo
B1.22 Aproximación ás distintas tecnoloxías musicais e ás súas posibilidades creadoras.	OMB1.8.3 Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
	OMB1.9.1 Demostra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras.
	OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.



## CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. B2.2 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e de instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.	OMB2.1.1 Diferenza as sonoridades dos instrumentos da aula, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
B2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	OMB2.2.1 Relaciona o feito musical con múltiples contextos. OMB2.2.2 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. OMB2.2.3 Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
B2.4 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	OMB2.3.1 Segue partituras sinxelas como apoio á audición.
B2.5 Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	OMB2.4.1 Valora o silencio como elemento indispensable para a audición.
B2.6 Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	OMB2.4.1 Valora o silencio como elemento indispensable para a audición.

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.	OMB3.1.1 Relaciona con coherencia diferentes disciplinas artísticas OMB3.1.2 Identifica funcións que cumpre a música na nosa
B3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	OMB3.2.1 Amosa interese por coñecer distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando delas como oínte. OMB3.2.2 Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
B3.3 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	OMB3.3.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. OMB3.3.2 Utiliza fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes e grupos de música popular, reflexionando sobre elas. OMB3.3.3 Interésase por ampliar e diversificar as preferencias.

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1 Utilización dos medios de comunicación, de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.	OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
B4.2 Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	
B4.3 Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.	
B4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.	
B4.5 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	



B4.6 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

OMB4.2.1 Utiliza fontes e procedementos apropiados para a elaboración de traballos sobre temas relacionados co feito musical..

## CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O sistema de avaliación queda coa seguinte disposición:

### **Conceptos (suma 10%)**

- Cuestionarios dos distintos apartados

### **Procedementos (suma 70%)**

Tarefas (suma 2 puntos)

Tarefas propias de cada tema: tarefas informática, fichas, expresión corporal e canto coral.

Os indicadores son os que siguen:

Traballos informática: exercicio, manexo ferramentas, Actitude, entrega e formato

Presentación: contido, organización e creatividade

Canto coral: entoación, respiración, matices, proactividade, actitude

Expresión corporal: execución, sentido rítmico, proactividade, actitude

### **Frauta (suma 2 puntos)**

Valórase tendo en conta os indicadores presentados en aula virtual. Os indicadores son:

Son e dixitación, afinación e respiración, Interpretación, proactividade e actitude

### **Lectura rítmica (suma 2 puntos)**

Valórase tendo en conta os indicadores presentados en aula virtual. Os indicadores son

Sincronización, Lectura, proactividade e actitude

### **Audición (suma 1 punto)**

Neste apartado valóranse 3 puntos principais mediante cuestionario en aula virtual

- Identificación instrumentos ou voces
- Identificación agrupacións
- Identificación estilo ou época

Ao longo do curso estes apartados poden ser incrementados con novas variables.

### **Actitudes (suma 20%) lista de control**

a/ Trae o material

b/ Postura corporal en clase

c/ Realiza as tarefas

d/ Puntualidade

e/ Entorpece a actividade en aula

En canto a asistencia valorarase as faltas non xustificadas. Se superan o 30 % das sesión da avaliación perde 0,5 puntos no apartado actitudes

Cos apartados anteriores faise a media. Posteriormente calcúlase o total restando as sancións.

### **Sancións**

Apercebementos:

- 1 apercebemento supón un 0 en actitudes na sesión.
- 2 ou máis apercebementos supoñen 0 en actitudes na avaliación.

Chamadas de atención

- Unha chamada de atención supón restar 1 punto en actitudes na sesión. Dúas chamadas supoñen 2,5 puntos en actitudes na sesión.
- Tres chamadas de atención na mesma sesión supoñen restar 5 en actitudes na sesión.
- Tres ou máis sesións con tres ou máis chamadas de atención supón 0 en actitudes na avaliación.

Uso de gadgets en aula

- O uso de dispositivos electrónicos como teléfonos móbiles, MP3, tablets ou similares está permitido en aula para realizar tarefas educativas cando o indique o profesor no caso de que non fora posible o uso das aulas de informática do centro. Fora desta situacións estes dispositivos están prohibidos en aula (normas do regulamento interno do centro) e supón automaticamente 0 en actitudes na sesión.
- A reiteración do uso de dispositivos electrónicos (máis de tres sesións), supón un 0 en actitudes na avaliación.



### **SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN**

Para o apartado de Avaliación unha vez fixados os criterios que se empregaran para o proceso avaliador o departamento de música fixa os porcentaxes sobre os diferentes apartados na forma que segue:

Apartado Conceptual: 20 %

Apartado Procedementos: 60 %

Apartado Actitudinal: 20 %

#### **Redondeo**

O redondeo faise da seguinte forma: se a nota é superior a 0,5 o redondeo faise cara arriba ao número enteiro seguinte. Para superar a materia o alumno ten que obter unha nota de 4,5 ou superior.

#### **Avaliación extraordinaria**

A avaliación extraordinaria será unha proba de entre 12 e 20 cuestións (dependendo do caso) que abarcan todos os contidos mínimos da programación. Se o alumno tivera que facer proba teórica e práctica a cualificación repártese da seguinte forma: 60% proba teórica, 40% proba práctica. Se só fora necesaria a proba teórica, esta ten valor de 100%.

#### **Pendientes**

A avaliación de pendentes pódese consultar na páxina do centro.

## **PROMOCIÓN**

Os criterios de promoción son os establecidos no centro.